



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 6 de novembro de 2018 da Universidade da Coruña pola que se nomea Titular de Universidade da área de coñecemento de Composición Arquitectónica, a Enrique Manuel Blanco Lorenzo.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 22 de decembro de 2017 (BOE do 15 de xaneiro de 2018), para a provisión da praza número 17/013 de Titular de Universidade da área de coñecemento de Composición Arquitectónica, departamento de Poxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición desta universidade, a favor de Enrique Manuel Blanco Lorenzo, con DNI núm. 76412461K, e unha vez que o interesado acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Unha vez que se viu a resolución de execución do acordo da Comisión de Reclamacións de data 28 de setembro de 2018, que resolve desestimar a reclamación interposta contra a proposta da Comisión que xulgou o concurso antes indicado e, en consecuencia, ratificar a proposta de provisión da praza efectuada para a citada Comisión.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Enrique Manuel Blanco Lorenzo, Titular de Universidade da área de coñecemento de Composición Arquitectónica, departamento de Poxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 6 de novembro de 2018

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	+d3tgLhOxtKGTPKuWfoieQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	06/11/2018 11:51:30
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+d3tgLhOxtKGTPKuWfoieQ==		

